



V TROFEO + DEPORTE LA REGIÓN DE ATLETISMO EN PISTA CURTA

REGULAMENTO

Artigo 1. ORGANIZACIÓN

Asociación Deportiva Atlética do Sil, Asociación Deportiva Limiactiva, Club Deportivo Aurum, Club Ourense Atletismo e a Escola de Atletismo Ben Cho Shey, coa colaboración da Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo organizan o V Trofeo + Deporte La Región de Atletismo en Pista Curta, que se celebrará o mércores, 3 de xaneiro de 2024 ás 17:00 h. na Pista de Atletismo Cuberta de Ourense - EXPOURENSE

Artigo 2. PROGRAMA DE COMPETICIÓN – HORARIO PROVISIONAL

Ver ANEXO I

Altura cadencia: 0,88 – 0,95 – 1,02 – 1,09 e de 5 en 5 ata 1,48 e logo de 3 en 3.

Lonxitude – Peso: 3 intentos.

Probas S8 de promoción, non se tomarán marcas, nin haberá clasificación.

Grand Prix (Xogando ao Atletismo): carreira de relevos con obstáculos e habilidades en competición directa dos equipos dos clubs organizadores. Os equipos deberán estar compostos por 2 homes e 2 mulleres, dando cada un deles media volta ao circuíto preparado para esta proba.

Coa relación de atletas admitidos/as publicarase o horario definitivo.

Artigo 3. PARTICIPANTES

Poderán participar todos/as os/as atletas con licenza federativa en vigor.

Artigo 4. INSCRICIÓN

As inscricións realizaranse na intranet da RFEA ata as 20:00 h. do venres, 29 de decembro de 2023. Os/as atletas deberán aportar a súa mellor marca para ser encadrados/as nas series.

Custe da inscrición: 4€/atleta (agás clubs organizadores).

Naquelas probas onde se supere o número máximo de participantes, terán garantida a súa inscrición os/as atletas pertencentes aos clubs organizadores.



Se os clubs organizadores superaran o número máximo de participantes nunha ou varias probas, admitiranse os/as atletas que acrediten mellor marca, garantindo que todos os clubs organizadores podan ter representación de 2 atletas independentemente da súa marca.

Finalizado o prazo de inscrición publicarase a relación de atletas admitidos/as.

Artigo 5. RECOLLIDA DE DORSAIS

Os/as Delegados/as de cada club recollerán os dorsais na Secretaría de Competición.

Artigo 6. CÁMARA DE CHAMADAS

Todos/as os/as participantes deberán pasar por Cámara de Chamadas.

O horario de cámara de chamadas será publicado o martes, 2 de xaneiro de 2024 na web atletismo.gal

Artigo 7. NORMATIVA

Para todo o non disposto neste regulamento aplicarase a normativa FGA e, de ser preciso, a normativa RFEA e WA.